



## *Adultos vulnerados en la Iglesia*

Paula Merelo, Madrid, San Pablo, 2022

Hai libros que son tan necesarios como valentes. Sen dúbida este é un deles. Son aínda por desventura moi escasas as publicacións que inciden na temática que nos presenta: os adultos vulnerados na igrexa. O libro parte dunha investigación realizada a partir de máis de 300 enquisas a adultos e adultas vulneradas e continúa na liña aberta por outro libro tamén valente e rigoroso publicado hai uns anos, *Víctimas de la Iglesia*, escrito por José Luis Segovia, Javier Barbero e unha muller vítima. Ambos nos confirman que desgraciadamente os abusos a mulleres adultas non constitúen un feito illado, senón unha realidade moito máis cotiá do que imaxinamos. Unha realidade favorecida pola estrutura patriarcal e machista da propia igrexa caracterizada polo clericalismo, a asimetría

de poder e a subalternidade dos laicos e especialmente das mulleres. Non esquezamos que en toda estrutura patriarcal as mulleres non son máis que *corpos ao dispor dos* intereses e necesidades dos homes, xa sexan económicos, sociais, relixiosos ou sexuais e que o imaxinario dominante sobre o corpo feminino continúa sendo, demasiado frecuentemente na igrexa, identificado coa tentación, o pecado e a culpa.

O libro *Adultos vulnerados en la iglesia* fala de todo iso e faino desde unha gran profundidade de pensamento, empatía coas vítimas, amor á igrexa e sobre todo ao evanxeo. Por todo iso a súa achega resulta imprescindible para denunciar e abordar a realidade das persoas adultas e vulneradas vítimas da igrexa, desde a exixencia de xustiza, reparación e acompañamento

que reclaman. Por iso a lectura deste libro non nos pode deixar indiferentes. Obríganos a dar un pulo onde xogamos a nosa madurez e liberdade cristiá: o pulo desde unha conciencia inxenua a unha conciencia crítica das asimetrías de poder na igrexa e as súas posibles e perversas consecuencias.

Confírmanos unha vez máis que denunciar os abusos non é buscar a destrución da igrexa, senón a súa purificación e renovación máis profunda, e que temos unha responsabilidade inescusábel coas vítimas, por riba dos intereses da propia institución, e que como cristiáns e cristiás non podemos mirar para outro lado nin considerar os abusos como feitos illados, senón como unha realidade sistémica reproducida unha e outra vez pola cultura do ocultamento, o clericalismo e a complicidade cos abusadores. Como describe este libro, case todos eles homes de prestixio e recoñecemento na propia igrexa e nas institucións das que forman parte. Na maioría dos casos, figuras públicas e exitosas que chamamos para que nos dean conferencias ou acompañen Exercicios Espirituais ás nosas irmás máis novas.

Segundo algunhas investigacións, o número de mulleres adultas abusadas por clérigos ou relixiosos é o cuádruplo que o dos abusos a menores; con todo, a súa situación é aínda máis invisíbel e estigmatizadora. A incorrecta comprensión do consentimento dificulta en numerosas ocasións a credibilidade do feito e a tipificación do delito como tal, porque se non houbo forza física e a persoa é maior de idade, o feito non se entende como abuso, senón como consentimento, dado o modelo patriarcal e machista dominante na sociedade e moito máis na igrexa.

Por esta razón o libro introdúcenos nun marco de comprensión imprescindible para entender a armazón perversa do abuso ás persoas adultas.

Comparto algunhas claves que o libro nos desvela:

A primeira é que o abuso sexual ten que ver coa conduta sexual, aínda que sobre todo co poder. O abuso da xenitalidade non é máis ca a punta do terríbel iceberg que implica un abuso de poder, de confianza e frecuentemente de conciencia, danando o máis profundo e

íntimo da persoa e producindo unha gran confusión de límites entre vítima e vitimario. Esta confusión agrava aínda máis o sentimento de culpabilidade que todas as vítimas de abuso senten a pesar de non teren ningunha responsabilidade sobre iso.

A segunda clave é que o abuso se enmarca dentro do proceso de acoso e sedución á vítima (*grooming*) no que o abusador vai inhabilitando as defensas das vítimas facéndoas sentírense especiais e manipulando a súa vontade desde a autoridade espiritual que as vítimas lle recoñecen, o cal as desestabiliza totalmente e incapacítas para facer fronte ao abusador ata que a violencia se fai insustentábel, illándoas nun círculo pechado do que é moi difícil saír, dado o prestixio e a credibilidade social e espiritual do abusador. Este proceso constitúe o que unha vítima denomina un *auténtico incesto espiritual* tremendamente destrutivo, xa que a agresión prodúcese no máis sagrado da persoa e no contexto dun acompañamento espiritual, ás veces mesmo no marco da confesión sacramental, provocando na persoa unha

profunda crise vital e de fe moitas veces irreversible.

Unha terceira clave que achega o libro ten que ver coas condicións estruturais da igrexa que favorecen os abusos. A sacralización do poder clerical, a asimetría nas relacións interpersoais e o baixo nivel dos discernimentos vocacionais de clérigos e relixiosos son unha chave fundamental para propiciar os abusos, polo que é urxente poñer fin ao clericalismo na organización e na estrutura operativa e relacional da igrexa. Urxe non só unha reforma sinodal e democrática da mesma, de amplo calado, senón unha teoloxía e unha espiritualidade dos abusos que axude a modificar crenzas, ritos, doutrinas profundamente arraigadas e que lexítiman o poder sacral dos sacerdotes e a súa supremacía sobre os laicos e especialmente as mulleres.

A cuarta clave que me parece importante resaltar é que desde a análise das máis de 300 enquisa realizadas e o testemuño explícito dunha vítima incorporado nun capítulo do libro, o común delas denuncia o corporativismo e a protec-

ción da institución por riba do sufrimento e a necesidade de xustiza e reparación que reclaman as persoas abusadas. Así como o sentimento de indefensión e a falta de información e transparencia no proceso cando se decidiron a denunciado. As vítimas reclaman a imperiosa necesidade e urxencia non só de seren escoitadas, senón de non seren culpabilizadas nin revitimizadas. Denuncian tamén a abordaxe do Dereito canónico en relación ás vítimas adultas por estar centrado na transgresión do sexto mandamento e por tanto centrado no agresor, de maneira que a vítima mantense á marxe, nin sequera é suxeito procesual, senón que ha de estar sempre mediada por terceiros, como a propia institución da que forma parte o agresor, co cal non se asegura a neutralidade. Do mesmo xeito reclaman romper o prexuízo de equiparar maioría de idade con consentimento.

Unha última clave á que apunta o libro que me parece sumamente importante e liberadora para as persoas adultas vulneradas, é a importancia de

facer público o nome do agresor, porque isto permitirá que outras vítimas se atrevan a denunciado e porque é un acto de xustiza perante todas as vítimas e perante toda a comunidade. Facelo suporía romper coa cultura do segredo e o encubrimento que reproduce unha e outra vez máis a existencia dos abusos na igrexa e a súa impunidade. Como sinala a autora, non podemos caer na trampa de confundir misericordia con xustiza nin dar a impresión de que a igrexa está máis preocupada en coidar dos agresores ca no coidado, a xustiza e a reparación das vítimas. Creo sen dúbida que este libro serve para iso e súmase ao clamor de moitos cristiáns e cristiás, incluído o propio papa Francisco, de poñer en marcha xa unha investigación externa da realidade dos abusos na igrexa española para asegurar rigor e neutralidade, facer xustiza coas vítimas e acabar coa secuela dos abusos na igrexa, incluídos os dos adultos e adultas vulneradas.

**Pepa Torres Pérez, Ap. C. J.**  
Revolta das Mulleres na Igrexa